

ACTA DE DO TRIBUNAL CUALIFICADOR RELATIVA A VALORACIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO PRÁCTICO DO PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE, EN EXECUCIÓN DE SENTENZA, QUE SE REXE, TANTO POLAS BASES ESPECÍFICAS APROBADAS POLO ACORDO Nº 14/711 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DESTE CONCELLO NA SESIÓN DO 22.11.2017, COMO POLAS “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE”, APROBADAS POLA XUNTA DE GOBERNO O 18 DE XUÑO DE 2008 E MODIFICADAS POLO CITADO ÓRGANO NAS SESIÓNS DO 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014 e 22.03.2017, E PUBLICADAS INTEGRAMENTE NO BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO NÚMERO 099, DO 2 DE MAIO DE 2017.

Sendo ás 17,00 horas da tarde do día 9 de decembro de 2.019, no Centro de Convivencia Uxio Novoneyra, sito na rúa Quiroga Ballesteros s/n, Lugo, reúnese o Tribunal cualificador da convocatoria do proceso selectivo mediante o sistema de oposición para o acceso en propiedade dunha praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, en execución de sentenza, que se rexerá tanto polas bases específicas aprobadas por acordo 14/711 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 22.11.2017 como polas “bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre” aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano nas sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014 e 22.03.2017. As ditas bases foron publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 99, do 2 de maio de 2017, para a realización e posterior avaliación do terceiro exercicio práctico, consistente en realizar durante un periodo máximo de dúas horas un suposto práctico que formulará o Tribunal inmediatamente antes do comenzo do exercicio, e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias das e dos titulares destas prazas, coa asistencia dos seguintes membros do mesmo que se citan a continuación:

Presidente: Don Juan Antonio López Fernández, Profesor do Instituto das Mercedes de Lugo.

Vogales: Dona M^a. Isabel Ozores Sieira, Funcionaria de Carreira A1 do Excmo. Concello de Lugo

Dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Funcionaria de Carreira A1 do Excmo. Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

JDR/jdr

Refª: Acta Tribunal do terceiro exercicio práctico do proceso selectivo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local

Asunto: Acta Tribunal

Don José Real Castro, Xefe de Sección, Técnico Licenciado en empresas do Excmo. Concello de Lugo

Secretario: Don Justo Díaz Rodríguez (Secretario xeral do Pleno).

Primero.- Constituído o Tribunal, no lugar e data anteriormente expresados procedeuse tras a lectura do terceiro exercicio práctico realizada polo aspirante do referido proceso selectivo a su avaliación por este Tribunal, acadando a seguinte cualificación:

Nome	DNI.	Cualificación.	Puntuación.
Castiñeira Muiña, César José	709M.	Apto.	7 puntos.

Segundo.- O Tribunal acordou conceder un prazo de 2 días naturais dende a publicación no WEB e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo, para presentar alegacións xustificadas ás cualificacións outorgadas por dito Tribunal.

E para que así conste e surta os efectos legais oportunos, se levanta a presente Acta as 19,45 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por todos os membros do Tribunal, de cuxo acto este Secretario certifico.

O Presidente do Tribunal.

O Secretario do Tribunal.

Asdo.: Juan Antonio López Fernández.

Asdo.: Justo Díaz Rodríguez.

Vogal.

Vogal.

Asdo.: M^a. Isabel Ozores Sieira.

Asdo.: Ana Isabel Sáez Mancebo.

Vogal.

Asdo.: José Real Castro.

